


FACULTADE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Ourense

OBXECTIVOS E POLÍTICA DE CALIDADE

Curso 2011-2012

Aprobados pola Comisión de Calidade o 31 de xaneiro de 2012

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO PARA A DEFINIÇÃO E REVISIÓN DA POLÍTICA E OS OBXECTIVOS DE CALIDADE</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p>	<p>CODIF: IT01-PE01</p>
---	---	---	------------------------------------

Política e obxectivos de calidade

Curso 2011-2012


Aprobado na Comisión de Calidade do 31 de xaneiro de 2012

O Equipo Decanal da Facultade de Ciencias da Educación é consciente da importancia da calidade, polo que a considera como un factor estratéxico para conseguir que as competencias, habilidades e aptitudes das súas egresadas e egresados sexan recoñecidas polos empregadores e pola sociedade en xeral.

O Equipo de goberno da Facultade, e os órganos colexiados do mesmo dirixen os seus esforzos cara a plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas razoables, de todos os seus clientes e usuarios, tanto internos como externos. Para iso comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

Por iso, o Equipo Decanal da Facultade establece as seguintes directrices xerais para a consecución dos obxectivos de calidade e que constitúen a nosa Política de Calidade:

- Ofertar ensinos adaptados ás novas necesidades e á contorna europea.
- Proporcionar a formación continua adecuada aos grupos implicados, segundo as súas respectivas actividades, e facilitar os coñecementos necesarios para que poidan desenvolver a súa actividade enfocada á satisfacción das necesidades dos nosos usuarios.
- Establecer contactos con outras Facultades de Ciencias da Educación e de Traballo Social na contorna galega, español e internacional co fin de asinar convenios de colaboración institucional.
- Pór os medios precisos para a continua mellora no proceso de ensino-aprendizaxe do/da estudante.
- Favorecer os programas de mobilidade entre universidades tanto estudantil como do PDI.
- Establecer unha sistemática de actuación, propondo e levando a cabo as accións preventivas e de mellora que puidesen ser necesarias.
- Consegir unha implicación na mellora continua como norma de actuación, propondo e levando a cabo as accións preventivas e de mellora que puidesen ser necesarias.
- Procurar que a Política de Calidade sexa entendida e aceptada por todo o persoal da Facultade e que se atopa a disposición do Público.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO PARA A DEFINIÇÃO E REVISIÓN DA POLÍTICA E OS OBXECTIVOS DE CALIDADE</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p>	<p>CODIF: IT01-PE01</p>
---	---	---	------------------------------------

- Asegurar que o Sistema de Garantía de Calidade mantense efectivo e é controlado e revisado de forma periódica.
- Establecer procedementos que permitan facer un seguimento da satisfacción dos distintos colectivos implicados.
- Dotarse de mecanismos que permitan mellorar os servizos e os recursos materiais implicados na docencia.
- Dar a máxima difusión externa aos ensinos ofertados, acudindo a foros de presentación das titulacións da Facultade, organizados por entidades públicas e por centros de ensino, desenvolvendo xornadas de portas abertas, acollida e información continuada, divulgando a información en distintos soportes, incluída a rede.


Como responsable da Facultade, comprométome a desenvolver permanentemente as directrices que se acorden en materia de calidade.

Ourense, 1 de febreiro de 2012

A Decana de CC da Educación



Dna. Mercedes Suárez Pazos


 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO PARA A DEFINIÇÃO E REVISIÓN DA POLÍTICA E OS OBXECTIVOS DE CALIDADE</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p>	<p>CODIF: IT01-PE01</p>
---	---	---	------------------------------------

OBXECTIVOS DE CALIDADE

Curso 2011-12.

Aprobados pola Comisión de Calidade o 31 de xaneiro de 2012.

CRITERIO	OBXECTIVO	COMPROBACIÓN
<p>Obxectivos do Plan de Estudos</p>	<p>Potenciar a difusión entre o alumnado, dos obxectivos do plan de estudos ligados a cada unha das titulacións do centro.</p>	<p>Enquisas de satisfacción do alumnado de graos e posgraos ligadas ao SGIC (Ítem 1 do Indicador 74), xunto coa realización dos procesos de difusión dos obxectivos que se leva a cabo na semana de acollida.</p>
<p>Políticas e procedementos de admisión</p>	<p>Potenciar a difusión da política e criterios de admisión así como o perfil de entrada asociados a cada unha das titulacións do centro entre o alumnado</p>	<p>Existencia dun documento público onde se especifique a política de admisión, debidamente aprobada e actualizada de cada unha das titulacións do centro. Outros documentos de difusión, tais como dípticos, arquivos informáticos, etc.</p>
<p>Planificación e Desenvolvemento do ensino</p>	<p>Sistematización do procedemento de seguimento e mellora de títulos de acordo ás directrices establecidas por ACSUG</p> <p>Obter unha valoración media superior a 3,5/7(ou equivalente) no indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino das titulacións impartidas no centro</p>	<p>Informe de seguimento de títulos realizados en prazo e avaliados pola ACSUG.</p> <p>Análise de resultados das enquisas de satisfacción do alumnado de graos e posgraos ligadas ao SGIC (Indicador 74)</p>

	PROCEDEMENTO PARA A DEFINIÇÃO E REVISIÓN DA POLÍTICA E OS OBXECTIVOS DE CALIDADE	FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	CODIF: IT01-PE01
---	---	--	----------------------------

Satisfacción dos grupos de interese	Mellorar o procedemento para a xestión de queixas e suxestións que permita obter valores cuantitativos anuais	Crear un rexistro anual de datos queixas e suxestións
Accións para orientar ao estudante	Integración dos Mestrados no Plan de Acción Titorial do centro	PAT 2012-2013
Persoal académico	Obter unha valoración media superior a 3,5/7(ou equivalente) no Indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado.	Análise de enquisas de satisfacción do alumnado de graos e posgraos ligadas ao SGIC (Indicador 76).
Recursos e servizos	Obter unha valoración media superior a 3,5/7(ou equivalente) no indicador relacionado co grao de satisfacción do PDI cos recursos de apoio ao ensino, en todas as titulacións do centro.	Análise de enquisas de satisfacción do PDI de graos e posgraos (indicador 80).
	Obter unha valoración media superior a 3,5/7(ou equivalente) no indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado cos recursos de apoio ao ensino.	Análise de enquisas de satisfacción do alumnado de graos e posgraos (indicador 75).

Ourense, 1 de febreiro de 2012.

A Presidenta da Comisión de Calidade



Mercedes Suárez Pazos